

**LUÍS ORERO GRANDAL**

Ourense, 1952

Licenciado en Xeografía e Historia coa especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía pola Universidade de Santiago. Dirixiu diferentes campañas de excavacións arqueolóxicas, entre as que podemos destacar as realizadas no Castro “Coto do Mosteiro” no Carballiño, en San Pedro de Rocas-Esgos e en Castromao-Celanova. Autor de diferentes publicacións dentro do mundo da arqueoloxía castre-xo-romana.



*Estado actual da Ponte Loña. Véxanse os elementos do tendido eléctrico e o transformador de U. FENOSA que entorpecen a visión da mesma, perxudicando o seu entorno.*

Foto X. L. Vázquez



Luis Orero Grandal

# Intervención arqueolóxica na “Ponte Loña” no ano 1987

## INTRODUCCIÓN

da capitalidade do municipio de Ourense, sitúase a uns 500 metros desta desembocadura, no centro do lugar de Loña, hoxe importante barrio ourensán.

### Notas xeográficas

A PONTE LOÑA, sobre o río do mesmo nome que desemboca na marxe esquerda do río Miño dentro

As súas coordenadas xeográficas son as seguintes<sup>1</sup>:

- 42° 50' 52" Lonxitude Oeste.

- 4° 09' 40" Latitude Norte.

Este río, que nace nas abas do oeste

de Cabeza de Meda no concello de Nogueira de Ramuín, antes de chegar á ponte ten un accidentado percorrido, e baixa con forza encaixado entre masas rochosas. Na parte máis abrupta, o río serve de foso natural ao CASTRO de SANTOMÉ, ao que envolve pola súa banda sur xa dentro do concello de Ourense. Xusto na parte baixa deste castro, pola outra banda, localízase unha vila romana parcialmente escavada<sup>2</sup>.

### Notas históricas

A ponte formaba parte dun vello camiño de saída da cidade de Ourense e que levaba cara a terra de Lemos. Xa pola metade do S. XII se falaba deste “Camiño Vello”<sup>3</sup>.

A primeira referencia á ponte ven

1. Segundo Mapa Topográfico Nacional de España. NOGUEIRA DE RAMUÍN. Folla 188-III (13-20), Madrid, Edi. 1990.

2. Escavacións dirixidas nos anos 80 polo arqueólogo Xulio RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Sobre este interesante conxunto arqueolóxico poden lerse, entre outros os seguintes traballos publicados polo propio director das escavacións arqueolóxicas:

-(1989) “Lucernas romanas de Santomé (Ourense)”. Bol. Auriense, T. XVIII-XIX. Ourense, 1989. Pp. 31-43.

-(1992) “Contribución al conocimiento de la cerámica pintada alto imperial en Galicia. Cerámica “tipo Clunia” de Santomé (Ourense)”. ACUÑA, F. (dir.) : FINIS TERRAE. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago, 1992. Pp. 297-314.

-(1995, en colaboración con Manuel XUSTO RODRÍGUEZ). “Aproximación al conocimiento del vidrio romano en el conjunto arqueológico de Santomé (Santomé, Tíbiás, Ourense)”. Bol. Auriense, T. XXIV, Ourense, 1994. Pp. 45-93.

3. Segundo LÓPEZ CUEVILLAS, F., FERNÁNDEZ, V., e LORENZO, X. : Parroquia de Velle. Seminario de Estudos Galegos. Ourense, 1936. P. 26. Fan referencia a un documento do ano 1253. Estos autores atribúenlle ao camiño unha antigüidade que se remonta a épocas romanas ou anteriores.

nun documento do Arquivo da Catedral de Ourense datado no ano 1238<sup>4</sup>.

Remitimos ao traballo citado na nota anterior para unha completa información sobre a posterior documentación histórica da ponte, así como da súa descripción. Tamén aporta unha completa bibliografía.

Como pequeno apunte soamente diremos que se trata dunha ponte sinxela, cun só arco lixeiramente apuntado, construído nun estreitamento do cauce provocado por uns grandes afloramentos de rocha, sobre as que se asentan tanto as bases do arco como os correspondentes estribos laterais.

A nivel popular, a esta ponte se lle atribúe unha orixe romana, o que, como veremos máis adiante, non é correcto.

### **O porque dos traballos arqueolóxicos**

Na primavera do ano 1987 iniciáronse as obras para restaurar e consolidar a ponte. Ditos traballos foron patrocinados pola Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, segundo proxecto do enxeñeiro Manuel DURÁN, presentado no ano 1985<sup>5</sup>.

Para a primeira das fases dos traballos, vaciado da ponte, solicitouse a presenza dun arqueólogo que se encargara do control e seguimento desta parte das obras. Estes traballos fixéronse entre os meses de maio e xullo.

Tratábase de comprobar se o vaciado ofrecería algún tipo de restos ou materiais arqueolóxicos de interese, e de ver se estes aportarían algún dato que axudase a establecer unha cronoloxía sobre a época na que se construíra este paso sobre o río, aínda que como se apreciaba a simple vista, tiña algunhas reformas ou reparacións que poderían dificultar estas comprobacións.

## R E A L I Z A C I Ó N D O S T R A B A L L O S A R Q U E O L Ó X I C O S

O que tratamos de facer nesta descripción das labores arqueolóxicas, é explicar os traballos realizados e dar a coñecer os escasos materiais achados. Ao remate tentaremos facer unhas conclusións a base de todos eles.

Hai que destacar que os muros da ponte presentan sillares de pedra postos a soga, con moi escasas pedras a tizón que foron repartidas dun xeito irregular. O ancho medio das paredes dos estibos é de 50 cm., sendo a zona intermedia ou de recheo de 2,60 m., o que lle concedería un ancho máximo de 3,60 m. Comezaron os traballos levantando as poucas lousas que quedaban do



*Vista da Ponte durante os traballos.*

4. Tomado de DURO PEÑA, E. : Catálogo de documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554). Ourense, 1973. P. 60. Todos os datos que se refiren aos antecedentes históricos da PONTE LOÑA, están recollidos por Manuel DURÁN FUNTES, enxeñeiro de camiños e autor do proxecto de actuación encamiñada á limpeza, consolidación e restauración da ponte. Ver: -ALVARADO BLANCO, S., RURÁN FUENTES, C.: Pontes Históricas de Galicia. De. Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos/Xunta de Galicia. A Coruña, 1990. Pp. 109-113.

5. Desde aquí queremos agradecer a Manolo DURÁN o seu incondicional apoio e colaboración durante a realización dos traballos.

primitivo pavimento. Na súa maioría correspondían á zona esquerda (augas abaixo) que, á súa vez é o estribo máis longo da ponte, entre 25-27 m. Na parte oposta o estribo non sobrepasa os 15 m. O arco, lixeiramente apuntado, ten unha luz de pouco menos de 13 m.

Conservábase, principalmente o enlousado que dividía o ancho da ponte en dúas metades, en sentido loxitudinal: dende o seu inicio ate a parte superior, nesta, a clave e as dovelas que pechan o arco pola súa parte máis alta, facían as funcións de piso xa dende hai bastante tempo. Estaban gastadas polo uso e tiñan marcas das rodeiras dos carros. Tamén conservaban algunhas lousas que fomaban as franxas transversais do solo. Por zonas, apreciábase un pavimento ou piso feito con coios. Non conservaba peitorís. (LÁM. I)<sup>6</sup>.

*Interior das pezas que forman o Arco da Ponte*




**V a c i a d o d o  
e s t r i b o  
d o l a d o  
e s q u e r d o**

Ainda que o desterro se alternara nos dous estribos para evitar o empuxe maior sobre o arco por parte dun dos laterais (arco xa debidamente reforzado e sustentado), faremos como se en cada estribo se fixese o desterro de seguido, para ofrecer unha maior continuidade na descrición dos traballos e materiais obtidos.

Comenzaremos polo lado esquerdo, o de maior lonxitude, e no que a súa profundidade chegaría a algo máis de 5 m. dende a rasante conservada.

Ao vaciarse, déixanse soamente os



**LÁM. I**

6. Plano da planta cedido xentilmente polo autor do proxecto.



*Desmorte do estribo esquerdo*

sillares dos laterais, é dicir, os que forman as dúas caras da ponte. Algúns deles desmóntanse para repoñelos no seu lugar orixinario, xa que sufrían un forte alombamento. Son pedras asentadas a “oso”, xeralmente con cuñas, que na maior parte son de coio. Como xa se dixo, van a soga a inmensa maioría, con moi poucas a tizón (para a superficie de parede que é).


As que van a tizón adéntranse no recheo entre 40 e 60 cm.

Difícil de apreciar a primeira vista, nótase que as pedras grandes que forman parte do recheo teñen unha certa disposición. A maioría están traballadas por algunha das súas caras, o que podería indicar que foron reaproveitadas. O resto do recheo é cachote pequeno, coios e terra.

Na parte superior había unha capa de terra apisonada cunha potencia entre 35-45 cm. nos laterais, e de 20 cm. no centro. Vese que as pedras máis grandes do recheo apóianse unhas nas outras, e cun sentido lixeiramente oblicuo como para contrarrestar forzas. Neste xeito, en planta, asemellaríase a unha grande W (uve dobre) moi aberta, e cuos dous vértices apuntarían en dirección ao arco.

Na planta baixa, a medida que a profundidade é maior, vai desaparecendo o número de pedras máis ou menos grandes. Agora aumentan a terra e o cascallo. Isto vese principalmente onde hai unha rocha que sae ao exterior do muro augas arriba, a uns 5 m. do arranque da ponte. A rocha forma o solo onde vai asentado o recheo, e ten un escalón de 60-70 cm. Por riba dela a potencia de recheo é escasamente de 1,5 m.

Nesta zona acháronse tres grandes fragmentos de tégula (material romano). Entre o arranque da ponte e a rocha á que fixemos mención apareceron, a unha profundidade entre os 40-50 cm., case todos os fragmentos cerámicos, doce, aos que faremos referencia no apartado correspondente. O único fragmento cerámico achado no vaciado do resto da ponte, atopámolo a 1 m. das dovelas que asoman ao exterior, por este mesmo lado, e a 30 cm. de profundidade<sup>7</sup>.



<sup>7</sup>. Para unha mellor comprensión, remitimos ao lector á LÁM. II, onde se amosan graficamente os lugares e os materiais que apareceron. Esta lámina é obra de L. ORERO e A. SORIA. Os debuxos das cerámicas que aparecen nas Fig.- 1 e 2, son de A. SORIA ROCAFORT. As fotografías que acompañan ao traballo son obra do autor.

Vista sen recheo a parte superior do arco apréciase como, apoiadas nel, había unhas grandes pedras que se encargaría de protexer o seu empuxe. Apoiábanse nas dovelas e íanse cara atrás, seguindo a liña do arco e formando unha especie de grandes escalóns (catro). A maioría delas tiñan 1 m. de longo por 24 cm. de groso. Estes escalóns soamente ocupaban a parte central, nos laterais había pedras máis pequenas.

Logo de vaciar o lado esquerdo soamente, nos queda por dicir que todo o solo é de rocha. Baixaba dun xeito gradual, mesmo o antedito escalón,

para que así, todos os sillares que forman o arco, arranquen uniformes e de forma totalmente horizontal.

### **Materiais atopados no vaciado do estribo esquerdo**

Os materiais foron realmente moi escasos e dividíremolos en dous grupos:

#### **PEDRA:**


-Dous fragmentos cilíndricos, de fustes de columna. Os dous de 20 cm. de diámetro. A súa lonxitude é de

-Catro fragmentos de parte superiores (moas) de muíños circulares de man, romanos. O maior deles é a metade da peza, cun diámetro de 39 cm. Atopáronse ao longo de todo o vaciado, pero nunca a máis de 2 m. de profundidade.

-Un muíño naviforme (probablemente da época castrexa), de 32 cm. de longo. Estaba cerca do arco, a 160 cm. de profundidade.

-Na mesma zona, unha especie de disco de pedra de 38 cm. de diámetro.

-Unha gran pedra que estaba posta a tizón na parede cunha especie de almofada polas catro caras. Cada



LÁM. II

## **PONTE SOBRE O RÍO LOÑA**

A LONIA  
OURENSE  
Alzado augas arriba  
Esc: 1/200

deica chegar ao punto no que se encontraba a base do arco. Os sillares que forman o arco apóianse na rocha. Hai que sinalar que a rocha ten un pequeno desnivel augas abaixo, polo que, dese lado, aséntanse primeiro unhas pequenas pedras


30 cm. e de 72 cm. A profundidade na que estaban, entre 80 cm. e 150 cm.

-Parte inferior completa dun muíño circular de man, romano. Ten 45 cm. de diámetro de 39 cm. Estaba a 1 m. de profundidade.

unha delas ten 30 cm. de ancho. O longo da pedra é de 120 cm<sup>8</sup>.

#### **CERÁMICA:**

Atopamos varios fragmentos, todos a unha profundidade media de 50 cm.



**Fig. 1:** Fragmentos de cerámica común.

respecto da rasante que se conservaba e, como xa se dixo, entre o arranque da ponte e a zona onde unha rocha asoma ao exterior da parede na súa parte baixa. Ademais, a unha profundidade media de 150 cm., na parte media do estribo, apareceron tres ladrillos macizos (de 20x20 cm.), e doce pequenos fragmentos de tégula, no arranque case da rocha base. Todo este material é claramente de época romana.

Tamén apareceron, no revolto recheo desta parte da ponte, varios fragmentos cerámicos. Os máis representativos son os seguintes (ver Fig. 1):

-1: Fragmento de panza dunha ola

de tamaño medio. Pasta escura, máis no interior que no exterior, con mica como desgrasante. Pola parte de fora mostra un lixeiro espatulado vertical, cunha liña incisa en sentido oblicuo.

-2 : Fragmento de borde aberto cun labio gros e redondeado. Pasta clara cun pequeno tono rosado no exterior, no interior conserva restos de queimado. Mica e grans de cuarcita como desgrasante. O diámetro da boca sería de 25,6 cm.

-3 : Fragmento dunha ola grande. Pasta escura e grosa con grans de cuarcita como desgrasante. Polo interior está ennegrecida. Presenta espatulado vertical lixeiramente oblicuo

pola cara exterior; e espatulado horizontal e oblicuo no interior.

-4 : Fragmento de fondo e arranque de parede. Ola dun tamaño considerable a xulgar polo gros da pasta. Moita mica e grans de cuarcita como desgrasante. Liña de torno no interior.

-5 : Pequeno fragmento de panza dunha ola, cunha decoración plástica a base dun cordón liso en sentido horizontal, sobre o que hai un espatulado paralelo. Pasta marrón clara, con mica e grans de cuarcita como desgrasantes.

-6 : Pequeno fragmento de panza de ola que sería de pequeno tamaño. Pasta marrón escura e totalmente escurecida polo interior, fina e con mica como desgrasante. Pequeno espatulado nas dúas caras.

Xunto a eles apareceron outros sete fragmentos, pero dun tamaño tan reducido que non daban forma algunha. Pensamos que a todas estas cerámicas hai que concederlles unha procedencia medieval, con excepción dos fragmentos 5 e 6, que tal vez se corresponde con pezas de cerámica común cunha orixe castrexa<sup>9</sup>.

Ademais hai outros catro fragmentos de interese, todos eles de **Terra Singallata Hispánica** (Ver Fig. 2):

-1: Pequeno fragmento de borde. Labio lixeiramente abultado ao exterior, enmarcado por unha liña incisa

8. Esta pedra, ao remate dos traballos de consolidación, púxose fincada no solo da terra, do outro lado do río, ao mesmo carón da ponte. Pola característica do seu almofodillado, pensamos que seguramente é da época romana.

9. O que non sería estraño, xa que cerca do lugar, a uns 2-3 km. augas arriba, ao mesmo carón do río Loña está o Castro de SANTOMÉ, como xa indicamos ao principio do traballo. Moi posiblemente sería material de arrastre. De todos os xeitos, esto o mantemos con prudentes dúbidas, xa que o reducido do seu tamaño nos impide aseguralo.

paralela ao borde. Por baixo ten outra. Escasos restos de barniz. Corresponde a unha forma T. S. Hispánica-37.

-2: Fragmento de borde horizontal, lixeiramente inclinado para fóra, con decoración de follas de barbotina. Escasos restos de barniz. Corresponde a unha forma Dragendorff-36.

-3: Fragmento dunha parte de parede cercando o fondo. Forma indeterminada. Este fragmeno encontrámo-lo a 1 m. das dovelas que forman o arco, a uns 30 cm. de profundidade.

-4: Fragmento de borde liso e panza curvada dunha cunca de 13,6 cm de diámetro. Corresponde a unha forma Ritterling-8.

### Vaciado do estribo do lado dereito

Este lado é máis curto que o esquerdo, xa que non chega aos 15 m. Pero isto é soamente en aparencia, xa que ao retirar a primeira capa de terra, vese que os sillares que forman a parede ou muro de augas arriba, continúa nun tramo de 4,5 m.

O muro oposto, o de augas abaixo, desaparece a causa do peche dunha orta. Este peche invade o camiño do trazado orixinal da ponte e o estreita, pasando escasamente a 2 m. de ancho. De todos os xeitos, aínda se podía apreciar por onde iría a parede, xa que se conservaban parte das pedras que a formaban pola súa

parte máis baixa. Polo que parece, o camiño actual é lixeiramente diferente do camiño vello.

O vaciado realizouse dun xeito similar ao do lado oposto. A disposición das pedras de recheo, na parte superior, estaban asentadas dunha forma distinta ao visto do outro lado: formaban unha especie de espiña de peixe, pero bastante irregular. Isto soamente pasa desde o arco até a metade do estribo, logo aumentarían a terra e o cascallo. Por baixo hai pedras pequenas. Por esta parte non apareceron as grandes pedras que

se apoiaban na parte alta do arco a modo de escalóns.

A rocha base no arranque do arco aparece moito máis fonda, a 7,50 m. e hai unha especie de suco, onde se asentaban os sillares que forman o arranque. A rocha base vai ascendendo de forma progresiva e bastante acusada, até chegar a case 1 m. de fondo respecto da rasante, no inicio do estribo.

Deste lado, os sillares a tizón tamén son escasos. Na parede de augas arriba hai que destacar que por fóra,




Fig. 2: Fragmentos de Terra Sigillata Hispánica.



a partir do arranque do arco, ten un reforzo en forma de cinco escalóns e o máis baixo sobresaé 80 cm. por riba da cima da liña da parede. Isto é o resultado dunhas reformas realizadas na parede no ano 1969<sup>10</sup> para protexer esa parte da ponte das riadas, deixando unha esquina curva para que a auga non provocase danos na estrutura. No outro lado non se fixo necesaria a reforma, xa que o arranque do arco sitúase nunha rocha que destaca do nivel do río.

### **Materiais atopados no vaciado do estribo dereito**

Deste lado atopamos poucos, seis, e pequenos fragmentos de tégula. Ningún outro resto cerámico. Si hai unha maior presenza de restos pétreos traballados. Son os seguintes:

-Fragmento de muíño de man curvo, a 50 cm. de profundidade. Mide 35x25 cm. Posiblemente ten unha orixe castrexa.

-Fuste liso de columna de sección circular de 56 cm. de longo. O seu diámetro varía entre os 22 e 24 cm. Estaba a 80 cm. de profundidade.

-Na metade do estribo, a 2 m. de profundidade, apareceron outros tres fragmentos de fuste de columna, tamén de sección circular. Teñen entre 42 e 73 cm. de longo. Os diámetros oscilan entre os 20 e os 24 cm.

-Metade da parte superior dun muíño circular de man. Estaba a 1,5

m. de profundidade. Posiblemente ten unha orixe romana.

-Pedra irregular de 65 cm. de ancho, traballada con curvaturas e rebaixes. Estaba a 1,10 de profundidade.

-Tres pedras entre 61 e 82 cm. de longo e entre 41 e 46 de ancho. Pola súa forma pensamos que se poden tratar de vellos peitorís, aínda que temos dúbidas.

-Pedra de 34 cm. de longo, 19 de ancho e 16,5 de grosor, cunha moldura circular na nacela. Posiblemente se trate dunha parte dunha cornisa. Hai outra semellante.

### **I N S C R I P C I Ó N S :**

Hoxe en día non atopamos ningunha das que cita FERRO COUSELO<sup>11</sup>. Si encontramos unha inscrición na sexta dovela do arco, contando dende a cara esquerda, na cara de augas arriba. Para nós é como sigue:

C 1/2 N 1 U /:

Non lle encontramos ningunha transcripción posible, aínda que é bastante semellante á que FERRO cita na páxina 122 do seu traballo e na que lé CRISTO.

C 4 i r o

### **C O N C L U S I Ó N S**

Unha vez realizada unha análise tanto da estrutura da ponte como do material recuperado ao longo dos traballos de consolidación e restauración, chegamos á primeira conclusión de que a PONTE LOÑA non é en absoluto romana, tal e como se lle atribue popularmente.

De todos os materiais encontrados, para nós, son case con toda probabilidade da época castrexa, o muíño naviforme e o muíño de man. Os dous fragmentos cerámicos descritos tamén poden selo, pero temos as nosas dúbidas polo seu reducido tamaño.

De entre os materiais atopados no vaciado dos estribos da ponte, son para nós claramente romanos: Os muíños (ou parte de muíños) circulares de man; os fragmentos de tégula; e os catro fragmentos de cunca de Terra Sigillata Hispánica, que se poderían datar no S. II d. de Xto.

Pola súa feitura poden ser tamén romanos (aínda que poden ser de épocas posteriores), os fragmentos de fustes de columna e o sillar que estaba posto a fización, e que presenta unha especie de almofadado nas súas catro caras.

O resto dos materiais encontrados non teñen para nós unha datación fácil. Tanto poden ser de época

10. DURÁN FUENTES, M.: Op. cit. nota 4. P. 110.

11. FERRO COUSELO, J.: Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia. Ourense, 1952. Pp. 121-122.

baixo medieval como moderna.

Como vemos, a maioría dos materiais que hai no gran revolto do desterro, son de época romana, pero elo non quere dicir que a ponte sexa desta época. Non hai que esquecer que nas inmediacións temos un asentamento castrexo, e unha vila romana: SANTOMÉ. Por elo, os materiais puideron aparecer nos arredores da ponte procedentes do arrastre e logo recollidos, xuntamente con terra e cascallo, para facer o recheo. Tamén hai claros indicios de vías ou camiños de época romana nas inmediacións<sup>12</sup>.

Nen pola feita, nen polos restos atopados podemos afirmar que a Ponte Loña é romana. Non hai que deixar de lado que ningún dos materiais descubertos está a máis de 2 m. de profundidade respecto á rasante da ponte. Elo ven a confirmar que este recheo é produto de revolto moi posiblemente recollido nas inmediacións logo dunha reforma posterior á construción da ponte. O vaciado da ponte e a visión da rocha do solo, tampouco inciden neste aspecto.

Pero esto no quere dicir que, no lugar, non houbera unha ponte ou

paso anterior ao actual, e que tivese unha ampliación a partir dun momento determinado.

O que si nos parece moi probable é que, o "Camiño Vello" e máis adiante, para outros, o "Camiño Caneiro", non aproveitase a senda do outro camiño xa trazado e usado con anterioridade cun paso para salvar o río. Este paso, pola súa idoneidade e polo seu enclave altamente favorable (estreitamento do cauce do río provocado por dúas masas de rocha), aproveitaríase para construír a ponte actual. O que se sitúe nun lugar xa utilizado non ten por que concederlle á ponte unha antigüidade que realmente non ten.

Pensamos que sería máis correcto referirse a ela como unha ponte medieval construída pola época na que aparece a primeira referencia escrita, 1238<sup>13</sup>. O que si está claro é que esta ponte medieval sufriu remodelacións en épocas máis recentes. No seu muro de augas abaixo, da parte que dá á capital, víanse liñas como de engadidos a causa de posibles ampliacións ou restauracións.

Non queremos rematar este breve traballo sen indicar que o aspecto

actual da ponte, logo dos traballos de consolidación e recuperación realizados é, para nós, exemplar. Queremos apoiar dende estas liñas a iniciativa de consolidar e conservar antigas construcións, sexan do xeito que sexan. Deste modo poderanse conservar os restos do noso Patrimonio máis ou menos inmediato.

Pero tamén queremos facer fincapé en que o acondicionamento debe ser total, o que non se da neste caso. A situación do río e as súas marxes, cheos de lixo e vexetación, así como a proximidade á ponte dun transformador e unha torre metálica para cables de construción eléctrica, entorpecen e afean a simple contemplación do monumento restaurado. Suxeriríamos a retirada de transformador e torre, así como a limpeza do entorno, o que convertería o lugar nun ideal rincón de descanso e de gran interese. Incluímos aquí o muro de formigón a carón mesmo da ponte augas abaixo, que pecha unha finca e construído recentemente.

12. RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: La red romana viaria del Sudeste de Galicia. Univ. de Valladolid. Valladolid, 1976. P. 81: un camiño romano atravesaba a cidade de ourense "...para salir, seguindo a prolongación de esta, **por el antiquísimo puente, probablemente medieval en su estado actual, existente sobre el río Loña**, con el fin de adentrarse por la orilla izquierda del Miño, seguindo una ruta más meridional que la actual carretera a Os Peares, camino que ha sido utilizado hasta hace poco tiempo, y cuyos restos son plenamente reconocibles en todo su recorrido..."

O mesmo director das escavacións realizadas en SANTOMÉ, RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X., e XUSTO RODRÍGUEZ, M., op. cit. p. 66: "...vidrios llegados a Santomé desde la costa, a través del Miño, ... dentro de una ruta comercial de tipo marítimo...". O que tamén podería indicar que por esta zona, tan cercana á Ponte Loña, habería un paso a SANTOMÉ na época romana.

Tamén FERRO COUSELO, J.: "Sicenata Pacata". Bol. Auriense, T. I, Ourense 1972. Pp. 285-288. Fala dunha calzada romana en San Salvador de Vilariño, Pereiro de Aguiar, calzada que probablemente, desde terras de Ourense, levaba ao castro de Litoria, etc.

13. DURO PEÑA, E.: Op. cit. nota 4. P. 60. Coincidimos nesta cronoloxía con DURÁN FUENTES, M. Op. cit. nota 4. P. 112. E con DURÁN FUENTES, M., e ALVARADO BLANCO, S.: "La restauración del Puente Loña", en La Región, 18 de Marzo de 1990. Pp. XIV-XV. Especial construción.